

VIERNES, 20 de abril de 2007

REPORTAJE: DO TRINQUE | LUCES

Clásicos en recuperación

O rescate do teatro de Cunqueiro ou as publicacións arredor da poeta María Mariño centran as novidades literarias de abril

D. S. | 20 ABR 2007

Archivado en: [Crítica literaria](#) [Crítica](#) [Literatura](#) [Libros](#) [Empresas](#) [Economía](#) [Cultura](#)

A produción dramática de Álvaro Cunqueiro vén de ser recollida nun só volume pola Editorial Galaxia. A primeira edición completa dos textos teatrais en galego do autor de *Herba aquí ou acolá* aparece na Biblioteca Álvaro Cunqueiro presentada como unha ampliación de *Don Hamlet e tres pezas máis*, de 1974. As dúas escenas de *A dama que engañada por un demo elegante quixo mercarlle ó vento a perdiz que falaba*, que se publicara xunta *Si o vello Sinbad volvese ás illas* en 1961, *Rúa 26 (Diálogo limiar)*, de 1932, e *Xan, o bo conspirador*, escrita en 1933 pero inédita até 1978, son os traballos que contén o libro de Galaxia.

O teatro de Cunqueiro válese dos recursos habituais nos títulos canónicos da súa narrativa. O desbordamento da fantasía, o establecemento de pontes entre tradicións culturais, a non convencionalidade formal ou o cruzamento do mito e do imaxinado caracterizan as páxinas de *Don Hamlet e outras pezas. Teatro galego completo (1932-1968)*.

Galaxia pon na rúa, asemade, a terceira novela de Inma López Silva. Titulada *New York, New York*, a obra mestura realidade e ficción e constrúese con arquitectura de diario que transcorre nas rúas de Nova York. Os textos apareceran antes publicados no *blog* de López Silva. A editora viguesa tamén comeza a publicación de obras dedicadas a María Mariño, lembrada no Día das Letras Galegas deste ano, cunha *Antoloxía poética* elaborada por Patricia Arias Chachero, e coa polémica *Biografía de María Mariño*, do escritor noiés Xerardo Agrafoxo.

Precisamente a enigmática figura da poeta María Mariño adquire unha miga máis de luz coa edición de *Más allá del tiempo*, o seu libro inédito escrito en castelán e concluído en 1965, que xunta verso e prosa, e que se atopaba en poder do xornalista lucense Juan Soto, onde o depositara Ánxel Fole. Publicado por Alvarellos Editora, para a autora do estudo limiar, a profesora Helena González, *Más allá del tiempo* recompón "o puzzle incompleto da obra e a biografía de María Mariño". A lírica tensa e escordada de Mariño confírmase en castelán e revela, segundo a ousada aposta de Helena González, "referencias, pegadas e emocións que axudan a reconstruír a súa vida".

A achega de Edicións Xerais de Galicia á conmemoración da obra de María Mariño sae ás librarías da man de Carmen Blanco. *María Mariño. Vida e obra* actualiza e amplía os traballos da profesora lucense sobre a poeta noiessa. Blanco foi, coa poeta e xornalista Ana Romaní, unha das pioneiras na lectura feminista da autora de *Palabra no tempo* e *Verba que comenza*. Xerais xa botara, en 1994, a *Obra Completa* de Mariño, reeditada hai uns meses co gallo da celebración.

A colección *As Literatas*, da mesma editora, reaparece coa tradución de dúas novelas de escritoras centrais do século XX. *A voda*, da estadounidense Carson McCullers, e *Ancho mar de argazo*, da dominicana Jean Rhys, enfocan as relacións de dominación en sociedades tan distantes como a norteamericana ou a xamaicana. A primeira novela do cineasta coruñés Héctor Carré, *Diario dun impostor*, móvese entre a intriga e o humor e distribúese co selo de Xerais. Agustín Fernández Paz, na mesma editorial, publica a 20ª edición, corrixida e ampliada, da novela *Cartas de inverno*, do que leva vendidos máis de 65.000 exemplares.

A editora Amastra-N-Gallar constitúe un dos proxectos máis singulares do campo literario galego. Herdeira do selo Noitarenga, que dera luz a libros como *Letras vencidas*, de Manuel Outeiriño; *Aquí*, da alemá Hilde Domin; ou *Poesía fea*, de Lupe Gómez, e radicada na vila de Lalín, detrás de Amastra-N-Gallar atópase o filósofo e poeta Emilio Araúxo. Na actualidade, a editorial Amastra-N-Gallar desenvolve unha serie de opúsculos de poetas de todo o mundo sobre a imaxe dun peliqueiro ou felo.

O propio Araúxo vén de editar *ACT IVIDA DESC ULTURAIS*, un libro no que se enfronta á desaparición do mundo labrego a partir dunha cociña fotografada durante 20 anos. Un inventario de sombras e louza fendida, de cinza e ruína en rigoroso branco e negro.

Unha das maiores peculiaridades do labor de Amastra-N-Gallar, que publica trimestralmente unha revista arredor do acto poético e con contribucións internacionais e baixo o mesmo nome, reside na gratuidade do material. Amastra-N-Gallar ofrece, sempre, edicións non venais e distribuídas a man que se poden atopar en numerosas librarías de todo o país.